

secretario e suplente no tribunal nº 6 (instalador e conservador-reparador frigorista).

De acordo co que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas,

RESOLVO:

Modificar a composición do tribunal nº 6 (instalador e conservador-reparador frigorista), de tal forma que queda como se indica a continuación:

Tribunal nº 6.

Presidente: Juan Llorente Carazo.

Suplente: Antonio de la Hera Roldán.

Secretaria: Carmen Mirás Mosquera.

Suplente: José Ramón Vázquez Rodríguez.

Vogal A Coruña: Roberto Osé Otero.

Vogal suplente: Isidoro Martínez Arca.

Vogal Lugo: Fernando López García.

Vogal suplente: Alberto Mena Rodríguez.

Vogal Ourense: Alfonso Tomás Paz Doniz.

Vogal suplente: Juan Ramón Velasco González.

Vogal Pontevedra: Gaspar Castaño Díaz.

Vogal suplente: Francisco Sánchez-Ulloa Villar.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes desde a súa publicación.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2008.

Anxo Ramón Calvo Silvosa
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 30 de xullo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas para a realización de másters oficiais de posgrao en materia agroforestal nas universidades públicas de Galicia no curso 2008/2009.

O Regulamento (CE) 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo (FSE), recolle no seu artigo 3.2º que o citado fondo apoiará accións dirixidas, no marco do obxectivo de converxencia, a ampliar e mellorar o investimento en capital humano. Por outra parte, no Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, fíxanse normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que

se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

O Decreto 175/2007, do 13 de setembro, polo que se modifica o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, atribúelle a estas competencias en materia de fomento e impulso da investigación, a innovación tecnolóxica e a formación no sector agrícola, gandeiro, forestal e agroalimentario galego. Desde a Consellería do Medio Rural véñense subvencionando actividades que favorezan a promoción do coñecemento e do progreso científico, co obxecto de ofrecerlles apoio a estas e ás persoas con titulación universitaria que desexen unha especialización académica adicional, profesional ou formación investigadora.

O programa oficial de estudos universitarios de posgrao supón unha consolidación académica e a especialización das persoas con titulación universitaria, contribuíndo a mellorar o seu acceso ao mercado de traballo e a dotar de profesionais de alta cualificación o conxunto do sector agroforestal galego. Con estes obxectivos, considérase necesario convocar axudas para as persoas matriculadas nos cursos oficiais de posgrao autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que, en materias relacionadas coa produción, transformación e comercialización de produtos agroforestais, sexan impartidos no sistema universitario de Galicia no curso académico 2008/2009. Estas axudas serán cofinanciadas nun 80% polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.I.1 e 3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar axudas de matrícula para os/as alumnos/as que realicen másters oficiais de posgrao en materias agroforestais impartidos nas universidades públicas de Galicia no curso 2008/2009.

Artigo 2º.-Beneficiarios e requisitos.

1. Poderán acceder a estas axudas as persoas que se matriculen, no curso 2008/2009, en estudos universitarios oficiais de posgrao nas universidades públicas de Galicia, en materias agroforestais, que teñan sido autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a súa implantación no sistema universitario de Galicia.

2. Para poder seren beneficiarios da subvención regulada nesta orde, os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou dun país membro da Unión Europea.
- b) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións universitarias: enxeñaría agronómica; enxeñaría técnica agrícola; licenciatura en ciencia e tec-

noloxía dos alimentos; licenciatura en farmacia; licenciatura en veterinaria; licenciatura en bioloxía; licenciatura en química; licenciatura en economía; enxeñaría de montes; enxeñaría técnica forestal, licenciado en administración e dirección de empresas e diplomatura de ciencias empresariais.

c) Non ter débedas tributarias en período executivo de pagamento coa Administración da comunidade autónoma, salvo que as débedas estean suspendidas ou garantidas.

d) Atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e fronte á Seguridade Social.

Artigo 3º.-*Previsión orzamentaria e contía.*

1. Estas axudas concederanse con cargo á partida 11.05.561A.480.0 ata un importe máximo de 40.000 euros. Este importe está cofinanciada nun 80% polo Fondo Social Europeo.

2. A contía individual destas axudas será de ata 1.600 euros por bolsa. Este importe non poderá superar, en todo caso, o custo total da matrícula xustificado polas persoas beneficiarias.

3. A cantidade total distribuirase entre os beneficiarios que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos e resulten seleccionados entre o alumnado que teña maior puntuación de acordo cos criterios fixados no artigo 8, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

4. As bolsas vacantes existentes que se producen por renuncia, poderanlles ser outorgadas, por proposta da comisión avaliadora sinalada no artigo 7, ás persoas solicitantes que, sen seren excluídas, non obtivesen bolsa e que pola puntuación acadada figuren no lugar inmediato ao da última bolsa concedida.

Artigo 4º.-*Réxime xurídico.*

As axudas rexeranse polas bases reguladoras desta orde, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polas restantes normas de dereito administrativo aplicables.

Artigo 5º.-*Forma e prazos de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral desta consellería, nos rexistros centrais de San Caetano, no rexistro da rúa Fontiñas, 31, 15703 Santiago de Compostela, ou do xeito previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do

cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. As solicitudes, segundo o modelo normalizado do anexo, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI/NIF da persoa solicitante ou documento equivalente no caso de cidadáns/ás da Unión Europea.

b) Copia compulsada do título ou documento que legalmente o substitúa. Os títulos obtidos no estranxeiro deberán estar homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

c) Certificación académica oficial ou copia compulsada, en que figure a nota media simple do expediente académico dos estudos universitarios, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG do 23 de marzo). Os/as solicitantes que teñan cursado os seus estudos en universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia e posúan certificación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberán acompañala da correspondente tradución xurada. No caso dos alumnos estranxeiros, a certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima necesaria para aprobar. Deberán presentar, xunto coa certificación académica, a conversión das notas ao sistema español.

d) Copia compulsada da declaración da renda correspondente ao exercicio de 2007, ou documento acreditativo actualizado da axencia tributaria de non estar suxeito á declaración ante a Facenda pública.

e) Declaración xurada asinada pola persoa solicitante en que se fagan constar os ingresos percibidos durante o ano 2007 por todos os membros que compoñen a súa unidade familiar.

f) Acreditación, en orixinal ou copia compulsada, do coñecemento de lingua galega.

4. A presentación das solicitudes comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa comunidade autónoma, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación.

Artigo 6º.-*Instrución do procedemento.*

1. A instrución do procedemento levarase a cabo conforme as normas contidas no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia. A competencia para a instrución deste corresponde ao director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural, que poderá requirir dos solicitantes a achega de cantos outros datos, información e documentación consideren necesarios para a correcta instrución.

2. Esta dirección xeral, a través da unidade administrativa correspondente, comprobará que a documenta-

ción presentada polo solicitante se axusta ao que establece esta orde. Se a documentación fose incompleta ou defectuosa, requirirase á persoa interesada, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para que emende a carencia detectada, con indicación de que se así non o fixese, se dará por desistido da súa petición logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. O órgano instructor elaborará un informe en que conste que da información que consta no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas.

Artigo 7º.-*Comisión de selección.*

1. A selección dos bolseiros será realizada por unha comisión de avaliación presidida polo subdirector xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica e dela tamén forman parte: como secretario, un funcionario do Servizo de Formación Agroforestal, e, como vogais, o xefe do Servizo de Formación Agroforestal, o director do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e o director da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe o director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

2. A comisión elaborará un informe que elevará ao director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural, que redactará a oportuna proposta de resolución, en que figurará un beneficiario por cada bolsa, así como unha relación de suplentes con todos os/as solicitantes admitidos/as de maior a menor puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir.

Artigo 8º.-*Criterios de avaliación.*

1. A selección de candidatos/as levarase a cabo en concorrencia competitiva e nun procedemento único de avaliación á vista da documentación presentada polo/a solicitante en cumprimento das bases da convocatoria.

2. A proposta de adxudicación das bolsas farase con base nos criterios seguintes:

a) O expediente académico da persoa que solicita. As notas medias do expediente académico persoal serán calculadas de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo, ata 10 puntos como máximo.

b) As circunstancias económicas acreditadas da persoa solicitante no caso de que sexa independente ou da unidade familiar, de convivir con outros membros da familia, ata 10 puntos como máximo.

c) Coñecemento da lingua galega; Celga 4 ou equivalente: 5 puntos, e Celga 3 ou equivalente: 2 puntos.

3. O cincuenta por cento (50%) das bolsas reserváranse ás mulleres. No caso de non cubrirse a súa totalidade, procederase a adxudicalas por orde de prelación establecida nos puntos 2 a) e 2 b) deste artigo.

4. A consellería reservará un 5% das bolsas convocadas para adxudicalas aos/ás titulados con discapacidade con grao igual ou superior ao 33%. Os interesados deberán presentar as correspondentes xustificacións, que deberán ter o informe favorable da comisión de selección. No caso de non seren cubertas, adxudicaranse xunto coas demais bolsas.

5. Unha vez rematado o proceso de selección, a comisión de avaliación confeccionará as listas provisionais de posibles beneficiarios de cada tipo de bolsa, ordenadas de maior a menor, segundo a súa puntuación. Estas listas provisionais expóranse no taboleiro de anuncios da Consellería do Medio Rural, nos servizos centrais, en San Caetano, Santiago de Compostela. Tamén estarán á disposición dos interesados na páxina web desta consellería, así como na Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, con enderezo na rúa Fontiñas, 31-baixo, 15703 Santiago de Compostela, teléfono 981 54 66 50.

6. Abrirase un prazo de dez (10) días, contados a partir da data de publicación das listas provisionais, co fin de realizar consultas e reclamacións sobre estas. Seguidamente, a comisión de avaliación resolverá as reclamacións e publicará as listas definitivas de posibles bolseiros, nos mesmos lugares e na forma citados anteriormente.

Artigo 9º.-*Resolución do procedemento e notificación.*

1. A Comisión de Avaliación, vistas as solicitudes presentadas e o crédito dispoñible, faralle chegar as correspondentes propostas de adxudicación e as listaxes de suplentes ao director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal para que formule a proposta de resolución e posterior elevación ao conselleiro do Medio Rural, que resolverá a concesión das bolsas.

2. O prazo total para resolver será de cinco (5) meses, contados desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes poderanse entender desestimadas cando transcorra o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa.

3. O director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural notificaralles aos/ás interesados/as a concesión ou denegación das axudas de forma individualizada, de acordo co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As axudas concedidas publicaranse na páxina web da Consellería do Medio Rural nos termos establecidos na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, de conformidade co esta-

blecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- As persoas a que se lles notificou a concesión da bolsa deberanlle comunicar por escrito á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal a súa aceptación, dispoñen para iso dun prazo de cinco (5) días tras a recepción da notificación. No caso de non recibirse en prazo o escrito de aceptación, a solicitude entenderase desistida.

5. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como das sancións impostas, de ser o caso.

Artigo 10º.-*Xustificación das axudas.*

1. As persoas beneficiarias deberán xustificar a subvención mediante a presentación nas dependencias da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da seguinte documentación:

a) Documento de estar matriculado/a no programa oficial de posgrao para o cal solicitou a axuda. No documento deberá figurar o selo da entidade bancaria xustificativo do pagamento realizado.

b) Declaración xurada de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados para o mesmo fin.

c) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome da persoa interesada, no cal conste o código de conta do cliente.

2. A data límite para a recepción da documentación nas dependencias da dirección xeral será o 1 de novembro de 2008. Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerarase que a persoa interesada renuncia á bolsa concedida.

Artigo 11º.-*Modificación, seguimento e control.*

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das bolsas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O seguimento e control das bolsas será efectuado pola Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural.

3. A persoa beneficiaria da axuda estará obrigada a facilitar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 12º.-*Réxime de incompatibilidades e reintegros.*

1. Desfrutar desta axuda, ao amparo desta orde, é incompatible con calquera outra axuda financiada con fondos públicos ou privados co mesmo obxecto.

2. A anulación da matrícula con posterioridade á concesión da subvención dará lugar ao reintegro do 100% da cantidade percibida.

3. Procederá o reintegro total ou parcial da contía da subvención percibida xunto cos xuros de demora producidos desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A tramitación do correspondente expediente de reintegro realizarase de acordo co procedemento establecido no capítulo II do título II (artigo 37 e ss.) da referida Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-*Responsabilidades.*

Os beneficiarios das axudas quedarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións administrativas na materia establecida no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-*Recursos.*

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

3. Igualmente, as persoas beneficiarias desta orde de axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, (Decreto legislativo 1/1999).

4. En todo o non previsto nesta orde, observarase o sinalado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal desta consellería para ditar as normas necesarias para a correcta aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ANEXO

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE AXUDA PARA A REALIZACIÓN DE MÁSTERS OFICIAIS DE POSGRAO EN MATERIA AGROFORESTAL NAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS DE GALICIA NO CURSO 2008/2009	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR352A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI	DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
ENDEREZO ELECTRÓNICO				
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		UNIVERSIDADE ONDE SE TITULOU		

DATOS DO MÁSTER

TÍTULO DO MÁSTER		
Nº TOTAL DE CRÉDITOS DO MÁSTER	Nº DE CRÉDITOS EN QUE SE MATRICULA	UNIVERSIDADE ONDE SOLICITA O MÁSTER

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> 1.- DNI	<input type="checkbox"/> 4.- Copia compulsada declaración renda 2007
<input type="checkbox"/> 2.- Fotocopia compulsada do título	<input type="checkbox"/> 5.- Declaración xurada ingresos unidade familiar
<input type="checkbox"/> 3.- Certificación académica oficial ou copia compulsada	<input type="checkbox"/> 6.- Acreditación coñecemento lingua galega

DECLARO coñecer e autorizar que os datos persoais que compoñen esta solicitude serán obxecto de tratamento co fin de xestionar a axuda solicitada de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, **AUTORIZO EXPRESAMENTE** para que:

-Calquera das universidades do sistema universitario de Galicia lle facilite á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural, cantos datos consten no meu expediente persoal e sexan precisos para a tramitación e resolución da axuda solicitada.

-A Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

- A Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal poida ter acceso de forma directa aos datos da miña vida laboral que constan na Tesouraría Xeral da Seguridade Social e do cumprimento das miñas obrigas tributarias co Estado e coa comunidade autónoma.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde de 30 de xullo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas para a realización de másters oficiais de posgrao en materia agroforestal nas universidades públicas de Galicia no curso 2008/2009.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de _____		